

NOVAS DE PRENSA

ANO 2008

ARQUIVO DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

O arquivo da Deputación conta xa con 28.088 unidades de instalación

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 08 XANEIRO 2008

Ó longo do ano 2007 o arquivo da Deputación desenvolveu a súa actividade nas instalacións provisionais da Cidade Infantil "Príncipe Felipe", na espera do próximo traslado a súa sede definitiva no renovado edificio de Padre Amoedo,1.

Neste pasado ano foron transferidas un total de 1.220 novas unidades de instalación, que supoñen algo máis de 152 metros lineais, resultado da actividade dos diferentes servizos da Deputación Provincial. En concreto, as transferencias, individualizadas, distribúense do seguinte xeito:

Secretaría xeral	4 unidades
Presidencia	19 unidades
Cooperación	123 unidades
Acción Social	137 unidades
Recursos Humanos	77 unidades
Vías e Obras	56 unidades
Intervención	269 unidades
Cultura	130 unidades
Educación	8 unidades
Deportes	59 unidades
Servizo Agrario	42 unidades
Patrimonio Documental	23 unidades
Rendas	133 unidades
Tesourería	63 unidades

Compre destacar as unidades correspondentes ó depósito do fondo documental da Asociación de Periodistas de Vigo, cedidos en depósito ó arquivo da Deputación de Pontevedra. Este constitúe un importante fondo documental para poder estudar a realidade dos protagonistas da prensa viguesa, especialmente no relacionado coa "Hoja del Lunes". Forman este fondo un total de 78 unidades de instalación, que inclúen documentación, fotografías e outros materiais (selos de caucho, placas, pranchas...).

A transferencia regulada dos devantidos fondos foi seguida do oportuno tratamiento documental de organización, descripción e instalación nos depósitos. Como resultado da elaboración dos instrumentos de descripción incrementáronse os rexistros das diferentes bases de datos. A que contén o cadre de clasificación ten 301 rexistros; o inventario somero dispón de 30.978 rexistros e a base de datos principal, con información do inventario detallado conta con 129.926 rexistros, dos que 4.139 foron incorporados no pasado ano.

Este traballo permite localizar da totalidade dos expedientes conservados nos depósitos para a súa consulta e uso, tanto por parte dos cidadáns coma da propia administración, de acordo coas limitacións legais establecidas.

A Guarda actualiza o seu arquivo municipal coa colaboración do Servizo Técnico do Patrimonio Documental

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
09 XANEIRO 2008

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal da Guarda, con 1.097 novas unidades de instalación e 137 metros lineais de documentación, correspondente ós dous últimos anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente ó Concello da Guarda en materia de patrimonio documental, no que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos.

Dende o primeiro proceso en 1989, leváronse a cabo un total de sete actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 4.423 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1624 e 2007, e cunha base de datos formada por 18.707 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

A práctica totalidade do patrimonio documental do Concello da Guarda atópase instalado no local habilitado na primeira planta da casa de cultura, logo do traslado levado a cabo debido á insuficiencia espacial da casa do concello, contando con equipamentos e instalacións axeitadas para a súa conservación, ampliándose nesta ocasión o número de estantes.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponcevedra.es/>

A biblioteca provincial acadou en 2007 a cifra de 22.652 títulos, incrementando o seu fondo en 1.000 exemplares con respecto ó ano anterior

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 23 XANEIRO 2008

No ano 2007 a biblioteca da Deputación de Pontevedra acadou un total de **22.652 títulos**, incrementando o seu fondo nun total de 952 con respecto ó ano 2006; ós que hai que engadir a Biblioteca Manfred Schwarz, adquirida en 1995 e formada aproximadamente por 6.000 títulos entre libros, catálogos, revistas e vídeos, dedicados na súa maioría á temática artística.

Os fondos ordénanse seguindo un sistema de grandes grupos de materias, que aproveitan as vantaxes dos sistemas de ordenación más usuais nas bibliotecas públicas españolas: "sistemática" e "número currens". Estes grandes grupos de materias son: Galicia [7710], Xeral (Administración, Dereito, Historia, etc.) [5117], Anuarios e Memorias [2758], Coleccións e Dicionarios (obras de referencia, así como os grandes repertorios de lexislación e xurisprudencia) [1597], teses e traballos de investigación inéditos (ó igual cás obras de referencia e as publicacións periódicas, restrinxidas de préstamo) [670], arquivística, biblioteconomía e documentación [1030], expo (Colección das obras editadas polo propio Servizo de Publicacións da Deputación) [1040], Fondo Manfred Schwarz [2509].

Ademais, a biblioteca conta con outras dúas seccións, por unha banda, a sección "folletos" (regulamentos e ordenanzas da Deputación, turismo, agricultura, ensino, normalización lingüística, etc.) e, pola outra, a hemeroteca. Esta última inclúe tanto publicacións oficiais (BOE, DOGA, BOP, BPG, DOCE) coma revistas especializadas.

As principais actividades desenvolvidas pola biblioteca no ano 2007 foron as seguintes:

- Procedeuse a realizar o baleirado das publicacións periódicas do fondo *Galicia* (xa dispoñible na base de datos da hemeroteca nun 100%), que lles permitirá ós usuarios localizar calquera artigo publicado en ditas revistas. O volume do fondo acadou unhas cifras de **403 títulos**, que representan un total de **5.866 números de revistas**, cun contido total de **58.186 artigos**.
- Posta en funcionamento do Servizo de Acceso ó documento on-line da hemeroteca provincial. Este servizo, inaugurado no mes de outubro, reflectiu un volume de **59 solicitudes** de artigos.
- **Catalogación e informatización do fondo monográfico de Galicia. Actualización** do catálogo en liña do fondo monográfico de *Galicia*.
- Adquisición, rexistro e incorporación de **monografías**.
- **Rexistro e incorporación de material bibliográfico remitido por outros servizos** (Presidencia, Cultura, etc.).
- **Actualización da colección de Publicacións Oficiais** [xaneiro 2007-decembro 2007]. **Actualización da colección de Folletos**.
- Establecemento de **Intercambio con outras institucións** (Deputación Provincial de Lugo, Museo de Pontevedra, Museo do Pobo Galego, Centro Arqueolóxico do Barbanza, Museo Municipal "Ramón María Aller" e Museo Etnográfico Liste).
- Establecemento de **subscricións a diferentes publicacións periódicas** (Pc world, Cerna, Cadernos ADEGA, Grial, Ferrol Análisis, etc.).
- **Venda de publicacións do Servizo** ós funcionarios.
- 514 **Préstamo a domicilio** (70% particulares – 30% persoal da Deputación).
- 495 **Consultas** (75% persoal da Deputación – 25% particulares)
- Información e referencia ó usuario.

A editorial da Deputación de Pontevedra publicou ó longo de 2007 un total de 22 libros, 3 documentais e 2 publicacións periódicas

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 23 XANEIRO 2008

Durante 2007 a Editorial da Deputación de Pontevedra publicou 31 títulos entre libros e documentais, que foron presentados nos seus respectivos Concellos e postos a disposición de todos os pontevedreses.

- **Patrimonio Documental da provincia de Pontevedra**

- *Inventario. Arquivo do Concello de Bueu.* Miguel Pereira Figueroa (director)
- *Inventario. Arquivo da Cámara Agraria Provincial de Pontevedra.* Miguel Pereira Figueroa (director)
- *Inventario. Arquivo do Concello de Nigrán.* Miguel Pereira Figueroa (director)
- *Inventario. Arquivo do Concello de Tui.* Miguel Pereira Figueroa (director)

- **Publicacións periódicas**

- *Pontenova. Revista de Novos investigadores, 11.* Miguel Pereira Figueroa (director)
- *Pontevedra. Revista de Estudos, 21.* Miguel Pereira Figueroa (director)

- **Publicacións**

- *Entre tu cuerpo y mi cuerpo.* Francisco Álvarez
- *La cortina azul* (Cuadernos de "La Cónsul"). Isaac Otero
- *Caminar es vivir.* Amancio Landín Carrasco
- *Onde se irisa a flor. Ecopoemas.* Maximino Cacheiro Varela
- *Lendas, contos e outros relatos de Mondariz e do Balneario.* Xoan Xosé Pérez Labaca
- *La realidad social del turismo en Galicia.* Ordenación administrativa y territorial. José Ricardo Pardo Gato.
- *O antigo concello de Lavadores.* Unha aproximación histórica. Xesús Giráldez Rivero
- *Coñecendo a camelia.* José Carlos Otero López e Pilar Vela Fernández
- *Historia de Salvaterra do Miño.* Sofía Rodríguez Suárez
- *Aves costeiras.* Ana Prado Comesaña
- *Historia de Cangas.* VV.AA.
- "La Correspondencia Gallega" e o desastre do 98. De como os pontevedreses viviron a perda de Cuba e Filipinas. Xosé Miguel Alonso Boó
- *A procura da nosa identidade. Terra de Montes.* José Raposeiras Correa (coordinador)
- *Cómo entrar na historia do conxunto de Soutomaior.* Jose Cid Doiro
- *A Estrada rural.* Manuel Reimóndez Portela
- *Marín en las tarjetas postales 1902-1945.* Manuel Cendán Vilela
- *31 galegos e pico.* José Curt
- *A vella Moureira.* Rafael Fontoirá Surís
- *Cortegada. Una isla real.* Daniel Garrido Castromán
- *Historia municipal de Vilanova de Arousa.* Xosé Lois Vila Fariña
- *Muiños do Concello de Ribadumia.* Xosé Manuel Moreira Docampo
- *Los otros Valle-Inclán.* Víctor Viana

- **Documentais**

- *Luces en papel.* María Ojea
- *A muiñada do Salnés.* Producciones Federico de la Peña
- *Julio Camba. Crónica dunha vida.* Producciones Federico de la Peña

Ó longo deste ano a Editorial da Deputación levou a cabo a doazón dunha parte representativa dos 578 libros que conforman o catálogo de publicacións, ós Institutos de Deza, Vigo e O Salnés.

Presentación do libro “El romancero de la Galicia exterior. Cala de la colectividad gallega de la Argentina” no local da asociación de veciños de San Roque

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
31 XANEIRO 2008

O martes 5 de febreiro, ás 20.00 horas, presentarase no local da asociación de veciños de San Roque o libro “El romancero de la Galicia exterior. Cala de la colectividad gallega de la Argentina”, editado polo Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra.

Á presentación asistirá o deputado de Cultura, José Juan Durán Hermida, o presidente da asociación de veciños de San Roque, Sabino Martínez Fontán, e o especialista en música tradicional galega Oscar Ibáñez García.

O autor deste libro, Norberto Pablo Cirio, é licenciado en Ciencias Antropológicas pola Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Bos Aires. Actualmente traballa no Instituto Nacional de Musicología “Carlos Vega” desta cidade.

Como contribución ós estudos sobre o romanceiro galego, neste libro o autor dá a coñecer un pequeno corpus romancístico recompilado dos membros da colectividade galega na Arxentina, no marco da súa investigación “La música tradicional gallega en la Argentina. Permanencia y proceso de cambio a partir del proceso migratorio”. O autor tamén integra neste traballo catro romances inéditos recompilados por outras persoas.

Deste xeito, o corpus analizado componse de 68 versións de texto e 58 versións de música pertencentes a 34 tipos. Foi conformado a través de entrevistas a emigrantes galegos e ós seus descendentes nalgunhas cidades arxentinas: Avellaneda, La Lucila del Mar, Lanús, Lomas de Zamora, Mar del Plata, Quilmes, San Martín (Bos Aires), Río Gallegos (Santa Cruz) e a cidade de Bos Aires entre 1996 e 2005. Os romances recompilados por terceiros foron recollidos en Lomas de Zamora (Bos Aires) en 1980 e en Bos Aires en 1993.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponcevedra.es/>

Presentación do libro “O Real Club Náutico. Cen anos de historia de Vigo” na sede social do Club Náutico de Vigo

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
19 FEBREIRO 2008

O mércores 20 de febreiro, ás 20.00 horas, presentarase na sede social do Club Náutico de Vigo o libro “O Real Club Náutico. Cen anos de historia de Vigo”, editado polo Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra.

Á presentación asistirá a vicepresidenta da Deputación de Pontevedra Corina Porro Martínez, o presidente do Real Club Náutico de Vigo, Franco Cobas González, o autor, José Gómez Alén, e o presentador do libro, Antonio Bernárdez de Dios.

Con motivo da celebración do centenario do Real Club Náutico de Vigo publícase este libro, que pretende recuperar a historia da institución deportiva e social más emblemática da cidade.

O libro reconstrúe as orixes do club e as diferentes etapas da súa evolución. Tamén recolle a situación delicada pola que atravesou a entidade nalgúnhas fases da súa historia, o que orixinou momentos de debate interno e de crise institucional e financeira.

Outro aspecto destacado neste traballo é o relativo ás actividades sociais e deportivas que forman parte do fin da entidade, que ten no ámbito náutico a súa razón de ser, así como os principais logros acadados polos seus deportistas.

Esta publicación constitúe, en definitiva, unha primeira incursión na traxectoria do Náutico vigués, e pon de manifesto a súa importancia dentro da histórica contemporánea de Vigo. Pretende ser, así mesmo, unha homenaxe a directivos, socios e tamén colaboradores, que permitiron que o Real Club Náutico de Vigo siga a ser un referente deportivo e social da cidade olívica.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial, Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Hemeroteca e Biblioteca actualizan as bases de datos e seguen aumentando os seus fondos

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 28 FEBREIRO 2008

No últimos dous meses, a Hemeroteca da Deputación de Pontevedra incrementou os seus fondos cos seguintes exemplares:

TÍTULOS XA EXISTENTES NO FONDO

- ABRENTE. Publicación de la Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario, nº 35-36-37.
- ACEIMAR. Revista de divulgación cultural y deportiva de los colegios Marcote, nº 52.
- ADMINISTRACIÓN & CIDADANÍA, nº 1 (III), 2 (I).
- AGORA. Papeles de Filosofía, nº 25(1).
- AMASTRA-N-GALLAR, nº 12, 13.
- ANABAD. Boletín de la Confederación de Asociaciones de Archiveros, Bibliotecarios, Museólogos y Documentalistas, nº LVII-1.
- ANALES DE GEOGRAFÍA DE LA UNIVERSIDAD COMPLUTENSE, nº 27 (II).
- ANAQUEL. Boletín de Libros, archivos y bibliotecas de Castilla-La Mancha, nº 39.
- APROINCO. Revista de actualidad inmobiliaria, nº 57.
- ARCHIVAMOS. Boletín ACAL (Archiveros Castilla y León), nº 66.
- ARTE Y PARTE. Revista de Arte, nº 71, 72, 73.
- BOLETÍN AMIGOS DO ARQUEOLÓXICO DA CORUÑA, nº 14.
- BOLETÍN DE ESTUDIOS DE GENEALOGÍA, HERÁLDICA Y NOBILIARIA DE GALICIA, nº 6.
- BOLETÍN DE ESTUDIOS DEL SEMINARIO FONTÁN – SARMIENTO, nº 2-3, 5, 6- 7, 10, 11.
- BOLETÍN DO SEREN (Seminario de Estudios Redondeláns), nº 4.
- BRIGANTIUM. Boletín do Museo Arqueológico e Histórico da Coruña, nº 11.
- BUGALLO, O. Boletín do Colectivo Ecoloxista do Salnés, nº 37.
- CERNA. Revista Galega de Ecoloxía e Medio Ambiente, nº 53.
- CERVANTES. Revista del Instituto Cervantes, nº 17.
- CLARIDADE. Revista de la Fundación Luis Tilve, nº 4.
- COMERCIOGALICIA.COM. Revista de la Federación Gallega de Comercio, nº Decembro 2007.
- CONSTRUCCIÓN LUGO, nº 239.
- COOPERACIÓN GALEGA. Revista da Asociación Galega de Cooperativas Agrarias, nº 85.
- CROA. Boletín da Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga, nº 17.
- CT. Catastro, nº 60, 61.
- CUADRANTE. Revista cultural da "Asociación Amigos de Valle-Inclán", nº 15.
- DELIBROS. Revista del libro, nº 215, 216, 217.
- EMPRESA PONTEVEDRA, nº 227.
- ESTRADA, A. Miscelánea histórica e cultural, nº 10.
- ESTUDIOS PENALES Y CRIMINOLÓGICOS, nº 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 23 y 24.
- EL EXTRAMUNDI Y LOS PAPELES DE IRIA FLAVIA. Revista Trimestral Fundada por Camilo

José Cela, nº 51, 52.

- GALICIA EN MADRID. Revista de letras, ciencias y artes, nº 83.
- GRIAL. Revista galega de cultura, nº 174, 175.
- INDUSTRIAS PESQUERAS. Revista marítima quincenal, nº 1937.
- INFORMATRA. Revista de la Asociación Autónoma de Empresarios de Talleres de Reparación de Vehículos de la Provincia de Pontevedra, nº 184.
- LATEXO, nº 61.
- LIBREDÓN, El. Centro Gallego de Santander, nº 54.
- MATHESIS. Boletín de divulgación matemática, nº 13.
- MI BIBLIOTECA. La revista del mundo bibliotecario, nº 12.
- MINERVA. Revista del Círculo de Bellas Artes, nº 7.
- MOENIA. Revista lucense de lingüística & literatura, nº 12.
- MURGUÍA. Revista Galega de Historia, nº 12.
- MUSEO. Revista de la Asociación Profesional de Museólogos de España, nº 12.
- NALGURES. Asociación Cultural de Estudios Históricos de Galicia, nº 3.
- NAZ-ON. Revista Cultural Galega, 4, 5, 6, 7, 8, 9.
- NT GALICIA. Noticiario turístico, nº 107, 108, 109, 110.
- OBRADOIRO DE HISTORIA MODERNA, nº 16.
- O OLLO PÚBLICO. Revista das artes, nº 20, 21.
- PEDREIRA, A. Revista Cultural e Turística do Concello da Lama, nº 5.
- PEREGRINO. Revista del Camino de Santiago, nº 114.
- REVISTA GALEGA DO ENSINO, nº 49.
- SAN ROQUE. Asociación de Vecinos, nº 9.
- TEMPOS NOVOS. Revista Mensual de Información para o Debate, nº 127, 128.
- TRABE DE OURO, A. Publicación Galega de Pensamento Crítico, nº 71.
- TURGALICIA. Revista para descubrir Galicia, nº 9.
- UNIÓN LIBRE. Cadernos de Vida e Culturas, nº 11, 12.

NOVAS PUBLICACIÓNS

- GELMÍREZ. Hojas de otoño a primavera (Edición facsimilar).
- LA ILUSTRACIÓN GALLEGА Y ASTURIANA (Edición facsimilar).
- RENOVA GALIZA. Revista de pensamento cívico, estudos culturais e solidariedade galega.

Polo que respecta á Biblioteca Suárez Llanos, os fondos incrementáronse nun total de 136 novos títulos. Este incremento foi posible, en parte, grazas á doazón dun lote bibliográfico das seguintes institucións:

- Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra
- Servizo de Recursos Humáns da Deputación Provincial de Pontevedra
- Servizo de Cultura da Deputación Provincial de Pontevedra
- Caixanova
- Fundación Cultural Rutas del Románico
- Fundación Caixa Galicia

Asemade, en concepto de Intercambio Bibliográfico, recibíronse publicacións da Real Academia Galega, Centro Ramón Piñeiro e Deputación provincial de Ourense.

Por outra banda, procedeuse á catalogación automatizada de preto de 300 exemplares do fondo "Galicia", que en breve estarán disponibles a través do catálogo en liña da Biblioteca.

Recentemente modificáronse as direccións de correo electrónico destes centros pasando a estar operativas as seguintes: hemeroteca@depo.es e biblioteca@depo.es

A Deputación actualiza o arquivo municipal de Cambados

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
14 MARZO 2008

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Cambados.

Esta incorporación supuxo 489 novas unidades de instalación e sesenta e un metros lineais de documentación, que corresponden á tramitación administrativa dos últimos dous anos.

A actuación prolongouse nos últimos meses do ano pasado e primeiros deste, enmarcándose dentro dun proceso de asistencia técnica permanente ós concellos en materia de patrimonio documental, que, no caso concreto do arquivo municipal de Cambados, se iniciou en 1987-1988 e se desenvolveu en sucesivas fases de profundización informativa e de actualización e informatización nos anos 1992, 1998, 1999, 2000, 2004 e 2005-2006.

O resultado é un conxunto documental organizado, debidamente instalado, de fácil manexo e consulta e de conservación garantida, composto por un total de 4.736 unidades de instalación, con documentación principalmente dos séculos dezanove e vinte e con datas extremas que van de 1837 ata 2007.

Dispón o arquivo dos instrumentos suficientes para o seu manexo e control, especialmente a base de datos do inventario descriptivo formado por 29.818 rexistros que describen a nivel de expediente a maior parte dos fondos.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Aviso do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico

Biblioteca-hemeroteca

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
27 MARZO 2008

Unha vez dispostas as novas instalacións deste Servizo na sede da rúa **Padre Amoedo, núm. 1**, na que se desenvolverán as tarefas de atención ó público, é necesaria a **suspensión temporal**, a partir do **martes 1 de abril de 2008**, de todo tipo de **consultas bibliográficas e hemerográficas** (monografías e publicacións periódicas, tanto as oficiais como as especializadas), manténdose todas as relativas ós arquivos.

Agardamos poder estar de novo á súa disposición o antes posible, confiando nunha mellora xeral na calidade e eficacia dos servizos.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

A Deputación colabora na actualización dos instrumentos de descripción do arquivo municipal de Tui

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
10 ABRIL 2008

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de colaboración na actualización dos instrumentos de descripción referidos á documentación transferida no último ano dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Tui, situado na planta baixa da casa do concello.

Estes traballos desenvoltos nos últimos meses por Rafael Sánchez Bargiela e María Dolores Martínez Gamallo, supuxeron a incorporación de 112 novas unidades de instalación e 14 metros lineais de documentación, que corresponde ó último ano, que veñen de ser revisadas e incorporadas os instrumentos de descripción, actualizando a información que deste arquivo se ofrece dende a páxina web.

Esta actuación enmárcase dentro dun proceso de asistencia técnica permanente ós concellos en materia de patrimonio documental, que no caso concreto do arquivo municipal de Tui se iniciou en 1985 e se desenvolveu en sucesivas fases de profundización informativa e de actualización e informatización nos anos 1986, 1987, 2005, 2006 e 2007.

O resultado vén ser un conxunto documental organizado, debidamente instalado, de fácil manexo e consulta e de conservación garantida, composto por un total de 4.401 unidades de instalación, con documentación principalmente do século vinte, con datas extremas que van de 1789 ata o 2007.

Dispón o arquivo dos instrumentos suficiente para o seu manexo e control, especialmente a base de datos do inventario descriptivo formado por 28.470 rexistros que detallan a nivel de expediente a maior parte dos fondos.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Presentación do libro "O cartelismo das festas populares na provincia de Pontevedra" na casa consistorial de Cambados

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
14 ABRIL 2008

O martes 15 de abril, ás 20.00 horas, presentarase na casa consistorial de Cambados o libro "O cartelismo das festas populares na provincia de Pontevedra", editado pola Editorial da Deputación de Pontevedra.

Á presentación asistirá o deputado de Cultura, José Juan Durán Hermida, a concelleira de Cultura Concello de Cambados, Anabel Carro Fontenla, e a autora, Mónica Leiro Búa.

Neste libro a autora recolle unha recompilación de carteis de festas populares sacras e profanas pertencentes a diferentes concellos da provincia de Pontevedra. Moitos deles están firmados por pintores e debuxantes consagrados coma Laxeiro, Alfonso Sucasas ou Lugrís, entre outros, e reflicten a importancia desta recompilación dende o punto de vista artístico.

Os carteis que se inclúen neste traballo son os relativos á festa da romaría viquinga (Catoira), a festa da empanada (Bandeira), a do salmón (A Estrada), a do viño Albariño (Cambados), a do viño tinto de Barrantes (Ribadumia), a do cocido (Lalín), a do marisco (O Grove), a do xamón (A Cañiza), a festa na honra de San Roque (Vilagarcía de Arousa), a realizada na honra de Santa Rita de Casia (Vilagarcía de Arousa), a da virxe da Peregrina (Pontevedra), a das festas patronais na honra de San Roque (Caldas de Reis), a do Corpus Cristi (Ponteareas) e a romaría na honra da virxe da Franqueira (A Cañiza).

Tras un percorrido polos concellos anteriormente mencionados obtívose un total de 297 carteis, dos cales 193 pertenecen a festas profanas e 104 a festas sacras. Dos carteis más destacados faise un comentario e unha pequena análise. Para este labor contactouse coa maioría dos autores para acadar unha opinión máis persoal e unha biografía que tamén se expón no traballo.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Nesta semana remátase o traslado dos fondos bibliográficos da Deputación de Pontevedra ó novo edificio sito na rúa Padre Amoedo, 1

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
14 ABRIL 2008

A finais desta semana remátase o traslado dos fondos da biblioteca da Deputación de Pontevedra ó novo edificio do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, sito na rúa Padre Amoedo, número 1.

A biblioteca ocupará a maior parte da segunda planta da edificación, incluíndo as zonas de traballo do seu persoal específico, a sala de lectura e un depósito específico no que se están instalando os fondos das distintas seccións da biblioteca e da hemeroteca, debidamente ordenadas.

Conta este novo depósito con modernas instalacións, recentemente instaladas, sistemas de control ambiental e cerca de mil metros lineais de estantes compactados que permiten gardar a totalidade de fondos no menor espazo posible, con espazo para incrementos futuros.

O maior volume dos fondos trasladados corresponde á sección Galicia, que conta con máis de 6.500 unidades. A hemeroteca dispón de máis de 400 títulos de revistas diferentes e 6.100 números individualizados. Todo isto, xunto co resto das coleccións atópase xa nas novas dependencias, en fase de ordenación, permitindo así habilitar o espazo do pazo provincial como centro de recepción documental do arquivo, ó que lle transferirán progresivamente a documentación as distintas dependencias e oficinas da Deputación.

O traslado da biblioteca lévao a cabo una empresa especializada, con rigor e profesionalidade, de acordo cos prazos previstos, polo que é inminente, dando continuidade ó proceso, o inicio do traslado ós depósitos deste mesmo edificio dos fondos documentais depositados provisionalmente na Cidade Infantil Príncipe Felipe.

Tamén e inminente a convocatoria do oportuno concurso para a adxudicación do mobiliario do novo edificio, que permitirá a dotación de equipamentos e materiais necesarios para o desenvolvemento das funcións do centro e permitirá o traslado do persoal do Servizo ó novo edificio.

Todos os fondos da Deputación de Pontevedra estarán a disposición dos cidadáns e da propia administración en canto o novo edificio estea en funcionamento, que se estima a principios deste verán.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Convócase o concurso para a contratación do subministro de mobiliario diverso para o novo edificio sede do Servizo do Patrimonio Documental e Bibliográfico

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
22 ABRIL 2008

A Xunta de Goberno, na sesión de data 16 de abril de 2008, aprobou o expediente de contratación para a subministración de mobiliario diverso coa clase e características que figuran no prego de prescripcións técnicas elaborado polo arquitecto provincial de data 17 de marzo de 2008, para amoblar as salas do novo edificio sede do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

Establécese un proceso de tramitación ordinaria, con procedemento aberto e forma de adxudicación por concurso e fíxase a cantidade máxima en 220.632,00 euros, IVE incluído.

As empresas interesadas poderán obter a documentación e información oportuna na Deputación Provincial de Pontevedra ou a través da súa páxina web www.depontevedra.es

A solvencia económica e financeira do contratista acreditarase mediante informe dalgúnha institución financeira ou bancaria e para as sociedades mediante balances ou extractos de balances das contas anuais. A solvencia técnica e profesional mediante a relación de cifras de negocios globais das subministracións realizadas nos tres últimos exercicios e cunha declaración do material, instalacións e equipo técnico de que dispóna o empresario para a realización do contrato.

A data límite de presentación de ofertas estipúllase en 15 días naturais, a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (22 de abril), finalizando polo tanto o día 7 de maio. As devanditas solicitudes presentaranse no Rrexistro xeral da Deputación de Pontevedra, cun horario de 9 a 13 horas.

A apertura das ofertas realizarase na Deputación Provincial de Pontevedra ás 10 horas do terceiro día hábil seguinte á finalización do prazo de presentación de proposicións. Se coincidise en sábado o primeiro día hábil seguinte, celebrándose polo tanto o día 12 de maio.

Establécese un prazo de entrega dun mes desde a sinatura do contrato de subministración, así como un prazo de tres meses de obriga por parte do licitador a manter a súa oferta.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Presentación do libro "Fiesta, identidad y contracultura. Contribuciones al estudio histórico de la gaita en Galicia" no Salón de Plenos do Pazo provincial

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
29 ABRIL 2008

O luns 5 de maio, ás 20.00 horas, presentarase no Salón de Plenos do Pazo provincial o libro "Fiesta, identidad y contracultura. Contribuciones al estudio histórico de la gaita en Galicia", editado pola Editorial da Deputación de Pontevedra.

Á presentación asistirá o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado provincial de Cultura, José Juan Durán Hermida, o autor, Javier Campos Calvo-Sotelo, o especialista universitario en música tradicional galega Óscar Ibáñez García e o director da Escola de Gaitas e Percusión da Deputación de Pontevedra, Hipólito Cabezas Gómez.

Dentro do amplo panorama dos estudos sobre organoloxía tradicional este libro achégase ó pasado e presente dun dos instrumentos populares por excelencia: a gaita.

O estudo inscríbese especialmente dentro do ámbito galego pero con constantes referencias á traxectoria universal do instrumento. O resultado é unha historia social da gaita que desmonta algunas crenzas erróneas sobre a súa orixe e evolución, abordando varios aspectos propios da organoloxía descriptiva, pero sobre todo incidindo nas atribucións simbólicas que o instrumento incorpora progresivamente, en especial nos dous últimos séculos.

A hipótese que rexe nesta investigación é que a gaita, ó longo da súa historia en Galicia, tivo fundamentalmente tres personalidades simbólicas diferenciadas –aínda que en ocasións superpostas–: a festiva, a identitaria e a contracultural. Estes tres aspectos son precisamente os que configuran o título do libro.

O libro está estruturado en sete capítulos, o último dos cales dedícase ás conclusións e inclúe unha táboa comparativa entre o gaiteiro de antano e o actual. A materia desenvolvida complétase con tres apéndices temáticos e unha bibliografía que contén máis de 300 títulos.

Respecto á metodoloxía empregada no libro, a reunión crítica de fontes bibliográficas e documentais, así como a aplicación de entrevistas persoais, constitúen o piar metodolóxico fundamental deste traballo.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Presentación do libro "Nuestro agro" no Salón de Plenos do Pazo provincial

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
29 ABRIL 2008

O martes 6 de maio, ás 20.00 horas, terá lugar no Pazo provincial a presentación do libro "Nuestro agro", da Editorial da Deputación de Pontevedra.

Neste acto intervirá o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, a vicepresidenta da Deputación de Pontevedra, Teresa Pedrosa Silva, a coordinadora do libro, M. Carmen Salinero Corral, así como o coautor Pedro Mansilla Vázquez.

Esta publicación recolle un total de 50 fichas técnicas realizadas por persoal da Estación Fitopatoloxica do Areeiro, centro dependente da Deputación. Algunhas destas fichas foron elaboradas, así mesmo, en colaboración co persoal doutras institucións como a Universidade de Santiago de Compostela, dado o interese da Estación polas contribucións doutros especialistas.

Trátase de fichas divulgativas referidas a diferentes cultivos, a certas pragas e enfermidades que lles afectan así como a outras cuestións, co obxectivo de proporcionarles a produtores, afeccionados e público en xeral unha información o máis completa posible sobre as especies vexetais de maior importancia en Galicia.

Este libro comprende, concretamente, 13 fichas de cultivos de froiteiras, 4 de especies ornamentais, 15 fichas relativas a enfermidades (alteracións por fungos, bacterias, nematodos e virus) de diferentes cultivos herbáceos e leñosos, 14 fichas de artrópodos (insectos e ácaros) praga, 3 fichas referidas a diferentes formas de control biolóxico (micorrizas) e unha ficha relativa a edafoloxía.

Aínda que en materia de control de enfermidades e pragas xorden periodicamente revisións e se poñen a punto novas formas de loita, respectouse o formato orixinal da ficha na primeira data da súa publicación. Así, a pesar das actualizacións, non foron recollidas enfermidades ou pragas de recente aparición, aínda que este labor divulgador da EFA se pretende continuar co paso do tempo.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Persoal do arquivo da Deputación colabora na actualización do arquivo do Concello de Mos

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
12 MAIO 2008

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar en colaboración co persoal do propio concello un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Mos, con 748 novas unidades de instalación e noventa e catro metros lineais de documentación, correspondente ós tres últimos anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó concello de Mos, polo que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos.

Dende o primeiro proceso en 1990, leváronse a cabo un total de sete actualizacions, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata chegar á informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 4.598 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1875 e 2008, e cunha base de datos formada por 20.531 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

Para a instalación desta documentación o concello procedeu a instalación de novos elementos de estantería compactada, completando a totalidade da cabida do local do arquivo, situado no baixo da biblioteca municipal en Petelos.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponcevedra.es/>

Celebración do recital concerto “Entre a música e a palabra” con motivo da conmemoración das letras galegas

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
15 MAIO 2008

Un dos actos previstos nesta semana con motivo da conmemoración das letras galegas terá lugar o xoves 15 de maio, ás 20.00 horas, no salón de plenos do pazo da Deputación, e consistirá na celebración do festival “Entre a música e a palabra”.

Este evento comezará cun breve recital de poesía a cargo de Ledia Costas e Carlos Fontes con estratos da obra poética do persoal homenaxeado este 2008, Xosé María Álvarez Blázquez, acompañados polo violinista David Veiga, profesor de violín no Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga de Pontevedra. A continuación, actuarán algúns dos grupos musicais integrantes do CD “Pontevedra en música: agrupacións da provincia”. Son, concretamente, o grupo de música tradicional galega “Pai da Cana”, as pandereteiras “Trompos ós pés” e o quinteto de metais “Banda Artística de Merza”.

Ó remate do acto faráselle entrega ós asistentes dun agasallo e poderán, así mesmo, degustar un viño galego.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Nova entrega de fondos bibliográficos da Editorial da Deputación de Pontevedra a varios institutos da provincia, nun acto público que terá lugar o martes 27 de maio

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
26 MAIO 2008

O martes 27 de maio, ás 11.30 horas, terá lugar no Pazo provincial un acto público de entrega dos fondos bibliográficos editados pola Deputación de Pontevedra ós institutos da provincia, continuando deste xeito as cesións ós institutos iniciadas no ano 2006. Neste acto os institutos convocados pertencen ós concellos de Bueu, Cangas do Morrazo, Marín, Moaña, Poio e Valga.

Ó acto asistirá o deputado provincial de Cultura, José Juan Durán Hermida, así como os directores dos respectivos centros de educación.

A Editorial da institución provincial acordou a cesión destes lotes de libros co ánimo de dotar e divulgar os seus fondos editoriais, tal e como vén facendo dende hai anos. Con esta cesión preténdese poñer, así mesmo, a disposición dos alumnos e do profesorado unha parte representativa dos xa 583 libros que conforman o catálogo de publicacións.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

**Peche do ciclo de cesión de fondos bibliográficos editados pola
Deputación ós institutos da provincia nun acto público que terá lugar
o xoves 12 de xuño**

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
11 XUÑO 2008

O xoves 12 de xuño, ás 11.30 horas, terá lugar a última concovatoria de cesión de fondos bibliográficos e audiovisuais editados pola Deputación de Pontevedra ós institutos da provincia, un proxecto iniciado no ano 2006 e que agora se ve completado (cun total de 86 institutos). Nesta ocasión os centros seleccionados son 9 e pertencen ós concellos de Baiona, Gondomar, A Guarda, Nigrán, Tomiño e Tui.

Ó acto asistirá o deputado provincial de Cultura, José Juan Durán Hermida, así como os directores dos respectivos centros de educación.

A Editorial da institución provincial acordou a cesión destes lotes de libros co ánimo de dotar e divulgar os seus fondos editoriais, tal e como vén facendo dende hai anos. Con esta última doazón estarán xa a disposición dos alumnos e do profesorado de todos os IES da provincia unha parte representativa dos 583 libros que conforman o catálogo de publicacións.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponcevedra.es/>

Agolada actualiza o seu arquivo municipal coa colaboración do Servizo Técnico do Patrimonio Documental

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
26 XUÑO 2008

A Deputación a través do Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Agolada, con 361 novas unidades de instalación, correspondente ós dous últimos anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente ó Concello de Agolada en materia de patrimonio documental, no que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos.

Dende o primeiro proceso en 1989, leváronse a cabo un total de catro actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.100 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1840 e 2007, e cunha base de datos formada por 6.099 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

O patrimonio documental do Concello de Agolada atópase instalado no local habilitado na planta baixa da casa do concello, logo do traslado dende a segunda planta que se levou a cabo debido á insuficiencia espacial, e conta con equipamentos e instalacións axeitadas para a súa conservación.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponcevedra.es/>

Presentación da reedición do libro "Vigo. La ciudad que se perdió" no Centro Cultural CaixaNova de Vigo

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
26 XUÑO 2008

O luns 30 de xuño, ás 19.45 horas, con motivo da inauguración da nova sede da Deputación de Pontevedra en Vigo, presentarase no centro cultural CaixaNova a reedición do libro *Vigo. La ciudad que se perdió*, publicado pola Editorial da Deputación de Pontevedra.

Esta obra de Jaime Garrido supón xa a quinta edición deste importante traballo de investigación editado por primeira vez no ano 1991. Constitúe ademais un destacado testemuño gráfico da existencia de moitos elementos arquitectónicos vigueses por un ou outro motivo desaparecidos.

A gran demanda desta publicación, que se atopaba esgotada, motivou a súa reimpresión, co ánimo de dar a coñecer unha vez máis a arquitectura viguesa perdida e a que nunca se chegou a realizar.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponcevedra.es/>

Presentación do libro "Vigo. Da antiga cidade amurallada ó casco vello actual" na nova sede da Deputación de Pontevedra en Vigo

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
26 XUÑO 2008

O martes 1 de xullo, ás 20.00 horas, terá lugar na nova sede da Deputación de Pontevedra en Vigo (R/ Oporto, núm.3) a presentación do libro *Vigo. Da antiga cidade amurallada ó casco vello actual*, editado pola Deputación de Pontevedra.

Á presentación asistirá a vicepresidenta da Deputación de Pontevedra Corina Porro Martínez, o arquitecto Javier Vázquez Fernández e o autor, Alejandro Martínez García.

Este traballo, pertencente á colección Ensaio e investigación da Editorial desta institución, é un percorrido no tempo dende a antiga cidade amurallada ó casco vello actual de Vigo.

O antigo conxunto arquitectónico vigués danouse en gran parte co paso dos anos pero, como se pode observar neste libro, aínda quedan moitas marabillas por conservar e restaurar. Cara a este obxectivo enfocou o autor o traballo, baseándose no feito de que antes de realizar calquera tipo de intervención sobre o casco vello cómpre un previo coñecemento da súa conformación arquitectónica, construtiva e urbanística a través da historia e ata os nosos días.

O último capítulo describe e desenvolve, ademais, unha selección de cinco vivendas representativas dentro do total das 47 intervencións de rehabilitación efectuadas na zona vella da cidade por iniciativa do programa URBAN e a través do Concello de Vigo.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Feira do libro de Vigo (27 xuño-6 de xullo)

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
26 XUÑO 2008

O venres 27 de xuño dará comezo a Feira do libro de Vigo, onde a Deputación de Pontevedra colocará un Stand cun resumo das principais publicacións editadas polo Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da entidade provincial.

No seu Stand a Deputación exporá unha mostra das súas principais publicacións, facendo especial fincapé nas dúas publicacións relacionadas con Vigo que se presentarán a vindeira semana o luns e martes respectivamente: "Vigo la ciudad que se perdió" de Jaime Garrido Rodríguez e "Vigo da antiga cidade amurallada ó casco vello actual" de Alejandro Martínez García.

A feira abrirá as súas portas o venres 27 de xuño ás 11:00 h. e inaugurarase oficialmente ese mesmo día ás 20:30 h. Estará exposta ó público ata o día 6 de xullo en horario de 11:00 a 14:00 e de 18:00 a 22:00.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponcevedra.es/>

Aprobado o VII Plan de desinfectación, desinsectación e desratización para arquivos municipais

Este ano actuarase en 56 arquivos municipais

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
03 XULLO 2008

Previsiblemente no mes de xullo porase de novo en marcha o Plan de desinfectación, desinsectación e desratización, coordinado polo Servizo Técnico do Patrimonio Documental, específico para aqueles locais que veñen cumprindo a función de depósitos documentais (arquivos) nos diferentes concellos da provincia.

Por séptimo ano consecutivo, comprobada a eficacia e utilidade desta actuación, téntase seguir contribuíndo un pouco máis á paralización do proceso dexenerativo dos fondos documentais, a engadir ós xa dados polos propios concellos na mellora de locais, instalacións e equipamentos e as actuacións de organización e descripción da documentación conservada.

Incluirá dous servizos completos de desinfectación, desratización e desinsectación, contratados no seu día coa empresa "Control de Plagas Andrade", entre o 1 de xullo e o 30 de setembro. Escóllense estas datas por ser a época de maior actividade dos principais insectos actuantes, especialmente o Coleopterus familia Anobium e Dermestes Laridarius.

O método de aplicación utilizado é mediante termonebulización, a fin de conseguir unha maior capacidade de penetración en todos os ocos e alcanzar no maior grao á posible larva que houbera no interior.

A materia activa que se emprega é extracto de pelitre, cun gran efecto de choque e cun alto nivel de seguridade tanto para o aplicador ou as persoas, coma para o medio ambiente por non ser un produto residual. Para maior seguridade sélanse os locais durante dous días.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Mondariz – Balneario actualiza o seu arquivo municipal

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
30 XULLO 2008

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Mondariz-Balneario, con 118 novas unidades de instalación e 14 metros lineais de documentación, correspondente ós dous últimos anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente ó Concello de Mondariz-Balneario en materia de patrimonio documental, no que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos. Dende o primeiro proceso en 1989, leváronse a cabo un total de sete actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 833 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1899 e 2008, e cunha base de datos formada por 4.886 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

O arquivo dispuxo de diferentes ubicacións nos últimos anos. Recentemente habilitouse unha parte do baixo cuberta, a carón da sala de exposicións. Dispón este local dunhas axeitadas condicións ambientais e de habitabilidade e de espazo suficiente para a disposición dos fondos documentais a medio prazo.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>



Fornelos de Montes actualiza o inventario do seu arquivo municipal

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
01 AGOSTO 2008

<http://www.depontevedra.es>

Pedra Álvarez, 1

36002 Pontevedra

Teléfono / Fax: +34 986 844 604 - 986 844 363

www.depo.es

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso colaboración na actualización dos instrumentos de descripción referidos á documentación transferida no último ano dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Fornelos de Montes, situado na planta baixa da casa do concello.

Estes traballos desenvoltos nesta ocasión por Vanesa Boullosa Peralba, contratada polo concello para esta función, supuxeron a incorporación de 42 novas unidades de instalación e sete metros lineais de documentación, que corresponde ó último ano, que veñen de ser revisadas e incorporadas os instrumentos de descripción, actualizando a información que deste arquivo se ofrece dende a páxina web.

Esta actuación enmárcase dentro dun proceso de asistencia técnica permanente ós concellos en materia de patrimonio documental, que no caso concreto do arquivo municipal de Fornelos de Montes, se iniciou en 1991 e se desenvolveu en sucesivas fases de profundización informativa e de actualización e informatización nos anos 2002, 2003, 2004, 2005, 2006, 2007 e 2008.

O resultado vén ser un conxunto documental organizado, debidamente instalado, de fácil manexo e consulta e de conservación garantida, composto por un total de 1.129 unidades de instalación, con documentación principalmente do século vinte, con datas extremas que van de 1860 ata o 2008.

Dispón o arquivo dos instrumentos suficiente para o seu manexo e control, especialmente a base de datos do inventario descriptivo formado por 7.137 rexistros que detallan a nivel de expediente a maior parte dos fondos.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es>

A Deputación culmina a reforma do Arquivo Provincial coa apertura ó público do edificio da rúa Padre Amoedo

Investigadores, administracións, estudiantes e cidadáns terán á súa disposición a partir día oito os fondos do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Gabinete de Comunicación
 05 SETEMBRO 2008

A Deputación Provincial de Pontevedra culminará o vindeiro luns, 8 de setembro, a rehabilitación do Arquivo Provincial da rúa Padre Amoedo coa apertura ó público do edificio. A partir deste momento e, unha vez rematado o traslado de fondos, todas as seccións do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico quedarán a disposición de investigadores profesionais, estudiantes, administracións, e de todo sós cidadáns que o precisen.

O reformado inmoble está distribuído en cinco plantas _dous sotos para o depósito de fondos documentais e tres plantas nas que estarán repartidos o servizo de Patrimonio Documental por un lado e o apartado Bibliográfico por outro_. O público terá á súa disposición unha inxente cantidade de información que poderá ser consultada nunha sala especialmente deseñada para este fin instalada na parte central do edificio.

Servizos a disposición do público

A cidadanía terá á súa disposición fondos bibliográficos de Galicia, así como boletíns oficiais históricos da Provincia, da Xunta, do Estado e da Comunidade Europea; e a cartoteca da provincia con 15.000 informacions de mapas, soporte CD e outras unidades que se poden consultar e reproducir.

Así mesmo, unha hemeroteca cun fondo de 400 títulos de revista de Galicia e que consta dun programa especial de consulta e o fondo da propia Editorial da Deputación que ten editados 583 títulos dos cales se imprimiron 600.000 exemplares (1.000 por publicación). Estes foron distribuídos e actualmente o fondo dispón actualmente duns 40.000 libros aproximadamente.

Tamén poderá ser consultado o arquivo da Deputación, con fondos desde o seu nacemento en 1836; os arquivos de todos os concellos da provincia (excepto Vigo e Pontevedra) e dos xulgados de paz e entidades locais menores, que están informatizados.

O arquivo gráfico, que está conformado por 10.000 documentos catalogados; 2.500 arquivos monográficos catalogados e 3.000 sen catalogar e o arquivo de tarxeta postal, que consta de 5.000 documentos catalogados.

Tamén, o Servizo Patrimonio Documental e Bibliográfico ten a dispón 200 Gravados e estampacións; de 180 pezas de mail-art; e documentación de máis de 300 artistas de Galicia e un arquivo sonoro musical de Galicia, con 4.200 pezas catalogadas e 1.000 pendentes de catalogación.

Tamén dispón a Deputación dun arquivo da palabra e sons de Galiza; Plenos, conferencias recitais, sons da natureza, etc.; e o arquivo de audiovisuais que consta de 1000 documentos catalogados e 500 sen catalogar de documentación audiovisual de galicia (cinematografía, super 8, CD DVD,) e específico de videoarte.

Trasladáronse ó novo edificio os documentos realmente importantes e de utilidade práctica e conserváronse no depósito de Príncipe Felipe todos aqueles documentos que non sexan de consulta inmediata, senón puntual

Finalmente, os usuarios poderán facer consultas de asesoramento lingüístico en Galego, Castelán, Francés e Inglés.

Traslado á nova sede da Biblioteca e da Hemeroteca da Deputación

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
depontevedra.es

05 SETEMBRO 2008

A partir do vindeiro luns, día 8 de setembro de 2008, todas as seccións do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico que ata agora desenvolvían a súa actividade no Pazo Provincial, quedarán definitivamente ubicadas na nova sede da rúa Padre Amoedo, núm. 1. Unha vez que rematou o proceso de traslado dos fondos, estes quedarán a disposición de todos aqueles usuarios que o precisen no novo edificio a partir da data sinalada.

Únicamente quedará ubicado no Pazo Provincial o Arquivo Intermedio.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Cotobade actualiza o seu arquivo municipal coa colaboración do Servizo Técnico do Patrimonio Documental

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
15 SETEMBRO 2008

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Cotobade, con 349 novas unidades de instalación e 43 metros lineais de documentación, correspondente ós tres últimos anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó Concello de Cotobade, no que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos, xunto cos do seu xulgado de paz.

Dende o primeiro proceso en 1981, leváronse a cabo un total de seis actualizacions, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.866 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1831 e 2008, e cunha base de datos formada por 12.538 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello de Cotobade atópase instalado no local habilitado no baixo cuberta da casa do concello, cunhas notables condicións que garanten o seu uso e conservación.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Persoal contratado pola Deputación actualiza o arquivo municipal de Pontecesures

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.575 unidades de instalación

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
15 SETEMBRO 2008

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación xerada nas oficinas xestoras e transferida ó arquivo municipal, situado nunhas axeitadas instalacións no entresollado da casa do concello.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó concello de Pontecesures, polo que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos. Nesta ocasión incorporáronse 198 novas unidades de instalación, o que supón cerca de corenta e tres metros lineais de documentación.

Dende o primeiro proceso en 1992, leváronse a cabo un total de cinco actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata chegar á informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente, coincidindo coa súa instalación na nova casa do concello.

Ainda que este é un dos concellos de máis recente creación dentro da provincia o se arquivo municipal cun total de 1.575 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1914 e 2008, e cunha base de datos formada por 11.917 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponcevedra.es/>

Actualízase o arquivo municipal de Valga

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
19 SETEMBRO 2008

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Valga, con trescentas cinco novas unidades de instalación, que supoñen trinta e oito metros lineais de documentación, correspondente á súa más recente xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental a este concello, respondendo á súa demanda, tras a cal se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos.

Dende o primeiro proceso en 1986, leváronse a acabo un total de seis actualizacíons, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando no nivel de información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 2.036 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1819 e 2008 e unha base de datos formada por 15.708 rexistros, o que permite a localización de calquera expediente.

O local de arquivo atópase no baixo cuberta da casa do concello nun local habilitado para esta función e dotado dos equipamentos necesarios.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Actualízase o arquivo municipal de Valga

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
19 SETEMBRO 2008

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Valga, con trescentas cinco novas unidades de instalación, que supoñen trinta e oito metros lineais de documentación, correspondente á súa más recente xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental a este concello, respondendo á súa demanda, tras a cal se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos.

Dende o primeiro proceso en 1986, leváronse a acabo un total de seis actualizacions, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando no nivel de información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 2.036 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1819 e 2008 e unha base de datos formada por 15.708 rexistros, o que permite a localización de calquera expediente.

O local de arquivo atópase no baixo cuberta da casa do concello nun local habilitado para esta función e dotado dos equipamentos necesarios.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Barro pon ó dia o seu arquivo municipal coa colaboración do Servizo Técnico do Patrimonio Documental

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
30 SETEMBRO 2008

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida no último ano dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Barro, que se atopa instalado no local habilitado no semisoto da casa do concello.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó concello de Barro, no que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos, xunto cos do seu xulgado de paz. Supuxo, nesta ocasión, a transferencia de 141 novas unidades de instalación e 17 metros lineais de documentación.

Na actualidade conta o arquivo municipal cun total de 1.645 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1839 e 2008.

Dende o primeiro proceso en 1992 leváronse a cabo un total de seis actualizacions, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundando na información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente, podendo consultarse a día de hoxe unha base de datos formada por 9.075 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponcevedra.es/>

Convocado un curso de Catalogación de documentación audiovisual

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
01 OUTUBRO 2008

Dentro da acción formativa para o persoal da Deputación o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico propuxo no seu día a celebración do curso de CATALOGACIÓN DE DOCUMENTACIÓN AUDIOVISUAL, complementando o que xa tivo lugar no primeiro trimestre, referido a fondos postais e fotográficos, coa finalidade de mellorar a formación técnica dos seus traballadores nestas actuacións técnicas específicas.

Este novo curso aprobouse definitivamente, estruturado en dous bloques, incluíndo tanto a catalogación das gravacións sonoras como a catalogación de fondos audiovisuais.

Os obxectivos básicos do curso son os de introducir os alumnos nas normas de catalogación específicas dos materiais audiovisuais; achegar pautas de traballo para a planificación da posta en marcha dun fondo documental audiovisual e axudar na comprensión e exercicio da descripción a nivel de fondo e colección e na descripción analítica.

Máis en concreto téntase dar una visión global do proceso dos materiais audiovisuais; formar o persoal na descripción e clasificación dos documentos audiovisuais; axudar na comprensión e exercicio da descripción a nivel de fondo e colección na descripción analítica; establecer criterios para a descripción de documentos sonoros e audiovisuais non publicados e establecer diferenzas entre documentos audiovisuais e sonoros cando comparten o mesmo centro.

O curso desenvolverase previsiblemente na primeira semana de decembro, nas novas instalacións coas que o Servizo conta na rúa Padre Amoedo, cunha metodoloxía teórico-práctico, presencial e ó longo de 40 horas lectivas en horario de mañá e tarde.

Inicialmente destínase ó persoal desta administración local, aberto a profesionais no caso de haber vacantes. Será impartido pola prestixiosa profesora María del Pilar Gallego Cuadrado, funcionaria do Corpo Facultativo de Arquivos, Bibliotecas e Museos cunha ampla experiencia profesional, colaboradora na elaboración das regras de catalogación do Ministerio de Cultura así como na redacción das IASA Cataloging Rules para rexistros sonoros e materiais audiovisuais; é membro da Sección de Audiovisuais da IFLA, do Comité 50 de AENOR, presidenta de ANABAD e habitual profesora de cursos monográficos sobre este tema.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponcevedra.es/>

Técnicos da Cartoteca Provincial Domingo Fontán asistiron ó 3º Encontro do Grupo de Traballo de Cartotecas Públicas Hispano-Lusas (IBERCARTO): "Cartografía na Web"

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
06 OUTUBRO 2008

Técnicos da Cartoteca Provincial Domingo Fontán, como membros do Grupo de traballo IBERCARTO, asistiron ó 3º Encontro do Grupo de Traballo de Cartotecas Públicas Hispano-Lusas (IBERCARTO): "Cartografía na Web" que se celebrou na Coruña os días 2 e 3 de outubro de 2008 no Arquivo do Reino de Galicia.

Este 3º Encontro tivo como obxectivo fundamental a Cartografía na Web.

Os temas a abordar incidiron, esencialmente, sobre diferentes aspectos, tales como: a dixitalización, a descripción en arquivos, a valoración, as autoridades e os metadatos nas coleccións cartográficas, entre outros.

O programa incluíu proxectos e experiencias de institucións produtoras, de bibliotecas, de arquivos e de cartotecas de Portugal e España.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

O Concello de Pazos de Borbén actualiza de novo o seu arquivo

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
08 OUTUBRO 2008

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Pazos de Borbén, con 255 novas unidades de instalación e 32 metros lineais de documentación, correspondente ós dous últimos anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó Concello de Pazos de Borbén, no que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos, xunto cos do seu xulgado de paz.

Dende o primeiro proceso en 1989, leváronse a cabo un total de seis actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.515 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1821 e 2008, e cunha base de datos formada por 11.028 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello de Pazos de Borbén atópase instalado no local habilitado na planta baixa da nova casa do concello, cunhas notables condicións que garanten o seu uso e conservación.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Persoal do Arquivo da Deputación actualiza o arquivo municipal de Catoira

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.227 unidades de instalación

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
09 OUTUBRO 2008

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Catoira, con 76 novas unidades de instalación e 7 metros lineais de documentación, correspondente ó último anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó concello de Catoira, polo que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos.

Dende o primeiro proceso en 1989, leváronse a cabo un total de sete actualizacions, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata chegar á informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.227 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1861 e 2008, e cunha base de datos formada por 10.054 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello de Catoira atópase instalado no local habilitado no baixo cuberta da casa do concello, nunhas dependencias axeitadas para a súa conservación, así como para o seu manexo e consulta.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Hemeroteca e Biblioteca actualizan as bases de datos e seguen aumentando os seus fondos

O traslado á nova sede dinamiza os procesos de catalogación e a posta en marcha de novas seccións

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
13 OUTUBRO 2008

Dende a súa ubicación nas novas instalacións da rúa Padre Amoedo, 1, a Hemeroteca da Deputación de Pontevedra incrementou os seus fondos cos seguintes exemplares:

TÍTULOS XA EXISTENTES NO FONDO

- ACEIMAR. Revista de divulgación cultural y deportiva de los colegios Marcote, nº 53.
- ADMINISTRACIÓN & CIDADANÍA, nº 2 (III).
- ADRA. Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego, nº 3.
- AG. Revista do Audiovisual Galego, nº 6.
- AGORA. Papeles de Filosofía, nº 26 (I).
- ANABAD. Boletín de la Confederación de Asociaciones de Archiveros, Bibliotecarios, Museólogos y Documentalistas, nº 57-2 y 57-3.
- ANALES DE GEOGRAFÍA DE LA UNIVERSIDAD COMPLUTENSE, nº 28 (I).
- ANAQUEL. Boletín de Libros, archivos y bibliotecas de Castilla-La Mancha, nº 41.
- ANDURIÑA. Portavoz del Lar Gallego de Sevilla, nº 0, 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 23, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50, 52, 53, 54.
- ANUARIO BRIGANTINO, nº 27.
- ANUARIO DA GAITA. Escola Provincial de Gaitas Deputación de Ourense, nº 22.
- ANUARIO DE ESTUDIOS LITERARIOS GALEGOS, 2005, 2006.
- ARCHIVAMOS. Boletín ACAL (Archiveros Castilla y León), nº 67, 68.
- AREA E MAR. Revista Federación Provincial de Cofradías de Pontevedra, nº 3, 4, 5. ARRAIANOS, nº 7.
- ATENEA. Revista trimestral do Ateneo Ferrolán, nº 31.
- BOLETÍN AMIGOS DO ARQUEOLÓXICO DA CORUÑA, nº 15.
- BOLETÍN AURIENSE. Revista do Museo Arqueológico Provincial de Ourense, nº 37.
- CADERNOS A NOSA TERRA DE PENSAMENTO E CULTURA, nº 22.
- CASAHAMLET. Revista de teatro, nº 10.
- CÁTEDRA. Revista eumesa de estudios, nº 15.
- CERNA. Revista Galega de Ecoloxía e Medio Ambiente, nº 55.
- CÍRCULO DE DIRIGENTES, nº 120, 121, 122.
- EI CÍRCULO MERCANTIL DE VIGO, nº 92.
- CLARIDADE. Revista de la Fundación Luis Tilve, nº 5.
- CONSTRUCCIÓN LUGO, nº 242, 243.
- COOPERACIÓN GALEGA. Revista Asociación Galega de Cooperativas Agrarias, 89.
- COTAREDO. Revista Cultural e Turística do Concello de Forcarei, nº 11.
- CT. Catastro, nº 62
- CUADRANTE. Revista cultural da "Asociación Amigos de Valle-Inclán", nº 16.

- DELIBROS. Revista del libro, nº 221, 222, 223.
 - DISFRUTAR VIGO, nº 10.
 - EMPRESA PONTEVEDRA, nº 229, 230.
 - ESTUDIOS MINDONIENSES. Anuario de estudios histórico - teológicos de la diócesis de Mondoñedo – Ferrol, nº 2 y 6.
 - ETNO-FOLK. Revista Galega de Etnomusicología, nº 11.
 - FERROL ANÁLISIS. Revista de Pensamiento y Cultura, nº 22.
 - A FUNDACIÓN. Revista oficial da Asociación de Amigos do Museo Etnolóxico e do Conxunto Histórico de Ribadavia, nº 13.
 - GALICIA EN MADRID. Revista de letras, ciencias y artes, nº 84.
 - GRIAL. Revista galega de cultura, nº 176, 177, 178.
 - INDUSTRIAS PESQUERAS. Revista marítima quincenal, nº 1939, 1941, 1943 a 1950.
 - INFORMATRA. Revista de la Asociación Autónoma de Empresarios de Talleres de Reparación de Vehículos de la Provincia de Pontevedra, nº 185.
 - LATEXO, nº 63.
 - LONGA LINGUA. Publicación galega sobre lingua e sociedade, nº 14.
 - LÚA. Revista Galega de Cultura e Pensamento, nº 0.
 - LÚA NOVA. Órgano de difusión da Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro, nº 1 a 8, 10, 12, 17, 21, 27 e 33 a 47.
 - MATHESIS. Boletín de divulgación matemática, nº 17, 18, 19, 20.
 - MI BIBLIOTECA. La revista del mundo bibliotecario, nº 14.
 - MINERVA. Revista del Círculo de Bellas Artes, nº 8.
 - EL MUSEO DE PONTEVEDRA, nº 9 y 17.
 - NACC. Nova Acta Científica Compostelana, nº 16.
 - NT GALICIA. Noticiario turístico, nº 114, 115.
 - OBRADOIRO. Revista do Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia, nº 33.
 - OBRADOIRO DE HISTORIA MODERNA, nº 17.
 - O OLLO PÚBLICO. Revista das artes, nº 23.
 - PAZOS DE GALICIA, nº 6.
 - PEREGRINO. Revista del Camino de Santiago, nº 117-118.
 - PETROGLIFO. Boletín da Asociación de Empresarios de Artes Gráficas de Galicia, 15.
 - QUINTANA. Revista do Departamento de Historia da Arte da Universidade de Santiago de Compostela, nº 6.
 - REVISTA GALEGA DO ENSINO, nº 53.
 - REVISTA REAL ACADEMIA GALEGA DE CIENCIAS, nº 26.
 - REVISTA XURÍDICA GALEGA, nº 55.
 - TEMPO EXTERIOR. Revista de análise e estudios internacionais, nº 16.
 - TEMPOS NOVOS. Revista Mensual de Información para o Debate, nº 133, 134, 135, 136.
 - TRIBUNA, LA. Cadernos de Estudios da Casa Museo Emilia Pardo Bazán, nº 5.
 - TURGALICIA. Revista para descubrir Galicia, nº 11.
 - XEOGRÁFICA. Revista de Xeografía, Territorio e Medio Ambiente, nº 7.
 - XISTRAL, O. Voceiro do Centro Galego de Bizkaia, nº 44.
- NOVAS PUBLICACIÓNS
- ADEGA CADERNOS
 - ATURUXO. Portavoz de la Casa de Galicia de Las Palmas.

- CANCIONERO GENERAL.
- CASA DA GRAMÁTICA. Revista de Creación Literaria e Cultura.
- CÉLTIGA. Novela mensual ilustrada. (Edición facsimilar).
- CIENCIA RÍAS BAIXAS. Publicación de la Agrupación Astronómica Rías Baixas de Vigo.
- FERROVIARIA. Revista de divulgación da cultura ferroviaria en Galicia.
- FORMAS DIFUSAS. Cuaderno bimestral de poesía y relato.
- GALICIA DIPLOMÁTICA. (Edición facsimilar).
- LAR. Revista quincenal. (Edición facsimilar).
- NÓS. Boletín Mensual da Cultura Galega. (Edición facsimilar).
- A NOSA TERRA. Semanario fundado por Solidaridad Gallega.
- O NOSO LAR. Órgano difusor del Lar Gallego de Avilés.
- NOVA ANDAINA. Revista da Casa de Galicia en Santurce.
- PESCA INTERNACIONAL. Revista mensual bilingüe del sector pesquero.
- ROTEIROS. Arumes de pensamento crítico.

Os sumarios destas publicacións poden ser consultados a través do catálogo en liña da hemeroteca.

Polo que respecta á Biblioteca Suárez Llanos, os fondos incrementáronse nun total de 185 novos títulos. Este incremento foi posible, en parte, grazas á doazón dun lote bibliográfico das seguintes institucións:

- Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra
- Servizo de Cultura da Deputación Provincial de Pontevedra
- Consellería De Cultura
- Secretaría Xeral de Emigración
- Concello de Redondela
- Concello de O Grove
- Editorial Casahamlet
- Círculo Mercantil de Vigo

Igualmente rexistráronse doazóns bibliográficas a título particular de D. Álvaro Mutis

Asemade, recibíronse publicacións, en concepto de Intercambio Bibliográfico, das seguintes institucións:

- Deputación Provincial de A Coruña
- Servizo de Publicacións da Deputación de Ourense
- Museo do Pobo Galego
- Real Academia Galega
- Universidade de Vigo
- Fundación Barrié de la Maza
- Centro Arqueolóxico do Barbanza

Continúa a actualización da base de datos do fondo "Galicia", que alcanza así un total de 7.779 rexistros, disponíveis no catálogo en liña da biblioteca. O mesmo tempo decidiuse iniciar o proceso de catalogación pormenorizada da sección "Folletos", composta por mais de 1.000 títulos, na procura de facilitalo seu uso e manexo.

Ademais estase a por en marcha un novo fondo bibliográfico denominado Fondo Local Provincial, composto por monografías, folletos e traballos de investigación inéditos que tratan no seu contido os diferentes aspectos da nosa provincia en xeral, e de cada un dos seus concellos en particular, e que, en breve, estará xa a disposición dos usuarios da biblioteca.

Actuación para a mellora das condicións ambientais nos locais dos arquivos municipais da provincia de Pontevedra

Adquírense 31 deshumidificadores para a súa instalación nos arquivos municipais da provincia

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 13 OUTUBRO 2008

Trátase de artellar unha actuación conxunta entre a Deputación de Pontevedra e a Consellería de Cultura e Deportes, plasmada en convenio asinado hai uns meses cunha achega específica de oito mil euros, pola que se tenta melloren as condicións ambientais que a día de hoxe presentan ainda moitos dos espazos dedicados polos concellos para depósito dos seus fondos documentais.

O feito de ocupar espazos "secundarios" ou en zonas periféricas da edificación, o uso esporádico que se fai deles pola carencia de persoal específico e a ausencia de actuacións de limpeza periódica, de ventilación habitual ou de labores de mantemento conleva que as condicións medioambientais non sempre sexan as mellores e isto incida de xeito negativo na conservación dos fondos.

Aínda que se ten avanzado sensiblemente nos últimos anos debido á mellora xeneralizada das propias casas dos concellos e o feito de que os procesos de asistencia técnica que se veñen levando a cabo pola Deputación inciden na mellora destas condicións e que se desenvolven regularmente actuacións de desratización, desinsectación e desinfectación na práctica totalidade dos arquivos, son tamén moitas as carencias que se poden apreciar.

Neste senso ponse en marcha unha actuación que permita dotar a todos estes espazos de sistemas de regulación da humidade e das condicións ambientais, toda vez que a penas dispoñen de medio ningún; nunha valoración inicial cifrábanse as necesidades en 60 deshumidificadores para dotar a cada un dos locais de arquivos dos 34 concellos que carecen deles.

Como queira que son patentes as dificultades de acometer grandes actuacións xenéricas que derivan en custosas obras ponse en marcha un plan para a instalación de aparatos deshumidificadores, de custo razonable, que permita a todos os arquivos dispor deste sistema básico de regulación da humidade.

O deshumidificador, un aparello de aspecto similar ao do aire acondicionado, contribúe a sacar do aire a auga que lle sobra, almacenándoa nun depósito ou levántoala directamente a un desaugadoiro. Están especialmente concibidos para dar unha solución inmediata, rápida e eficaz a todos os problemas orixinados polo exceso de humidade, sen necesidade de instalación no caso dos pequenos equipos domésticos, e mínimos gastos de instalación e mantemento nos equipos industriais e de maior capacidade.

Téntase incentivar con elo o uso axeitado deles, primando aqueles que permitan efectuar unha instalación de desaugadoiro permanente, que garanta o funcionamento dos equipos, independentemente de que alguén se teña que ocupar do seu mantemento e baleirado, así como fixe os deshumidificadores a un uso específico nos locais de arquivo para os que se planifica.

Á hora de seleccionar os aparellos deshumidificadores valorouse non só o tamaño necesario para o local, que é un dos factores máis importantes a ter en conta, senón tamén a capacidade de absorción; así mesmo, hai que prestouse atención ao consumo e ás súas prestacións. O resultado ven de ser a contratación de 31 deshumidificadores marca TRAU, modelos DH-716E, DH-720E e DH-2820 para a súa distribución nos arquivos municipais de Agolada, Rodeiro, Lalín, Pontecesures, Valga, Vilanova de Arousa, Catoira, Portas, Cuntis, Cotobade, Meis, Bueu, Soutomaior, Fornelos de Montes, Mondariz, Mondariz-Balneario, Covelo, A Cañiza, Creciente, Arbo, As Neves, Salvaterra de Miño, Salceda de Caselas, Tomiño, Oia e A Guarda, sempre a cando asuman as condicións de instalación requiridas.

Presentación do libro "Rodeiro. Unha terra con historia" no centro cultural "Manuel Lamazares" de Rodeiro

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
20 OUTUBRO 2008

O mércores 22 de outubro, ás 20.30 horas, presentarase no centro cultural "Manuel Lamazares" de Rodeiro o libro Rodeiro, unha terra con historia, editado pola Editorial da Deputación de Pontevedra.

Á presentación asistirá o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado provincial de Cultura, José Juan Durán Hermida, o vicepresidente da Deputación de Pontevedra Xosé Crespo Iglesias, o alcalde de Rodeiro, Manuel Salgado González, o coordinador do libro, Xoán Carlos García Porral, e o promotor do libro, Luís López Diéguez.

Este estudo divulgativo do concello de Rodeiro comprende unha recompilación de 17 artigos de diversos autores que percorren distintos campos do saber.

O libro divídese concretamente en dous apartados: un relativo á "Xeografía e medio natural" e outro dedicado á "Historia, arte e patrimonio".

O primeiro apartado recolle os traballos de Cristina Guzmán López, José Manuel Taboada Faílde e Ángel Miramonte Carballada relativos á realidade xeográfica, poboacional e económica destas terras, nas que o val de Camba favoreceu a bonanza do sistema agropecuario. Son os artigos "O medio de Rodeiro", "Análise da poboación do concello de Rodeiro" e "Economía do concello de Rodeiro".

No apartado referente á historia, arte e patrimonio inclúense os artigos "Introdución ós estudos sobre o patrimonio arqueolóxico de Rodeiro: mámoas, castros e época romana", "O fenómeno megalítico no concello de Rodeiro", "A cultura castrexa no concello de Rodeiro", "Rodeiro entra na historia na época do Imperio Romano", "Igrexas románicas do municipio de Rodeiro e o seu tempo", "Das fortalezas medievais ó tempo dos pazos", "Don Álvaro Núñez de Isorna, arcebispo de Santiago (1445-1449)", "Os señoríos do concello de Rodeiro", "Delimitación eclesiástica do concello de Rodeiro", "Historia administrativa do concello de Rodeiro", "Nacemento do ensino público no concello de Rodeiro (1861-1910)", "Toponimia do concello de Rodeiro" e "Algunhas lendas populares do concello de Rodeiro".

Este traballo concibiuose co ánimo de dar a coñecer parte da riqueza que esconden as terras de Camba. Pretende, así mesmo, converterse nunha rampla de lanzamento para que os académicos decidan orientar ou complementar o seu labor investigador nesta zona.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Deputación actualiza o arquivo municipal da Lama

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
20 OUTUBRO 2008

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal da Lama, con 214 novas unidades de instalación e vinte oito metros lineais de documentación, correspondente ós últimos anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó concello da Lama, polo que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos.

Dende o primeiro proceso en 1986, leváronse a cabo un total de oito actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata chegar á informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.310 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1839 e 2008, e cunha base de datos formada por 7.503 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

O arquivo municipal de Portas custodia un total de 1.053 unidades de instalación

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
05 NOVEMBRO 2008

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación xerada nas oficinas xestoras e transferida ó arquivo municipal, situado nunhas axeitadas instalacións na planta superior da nova casa do concello.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó concello de Portas, polo que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos. Nesta ocasión incorporáronse 132 novas unidades de instalación, o que supón cerca de dezaoito metros lineais de documentación.

Dende o primeiro proceso en 1993, leváronse a cabo un total de catro actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata chegar á informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente, coincidindo coa súa instalación na nova casa do concello.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.053 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1831 e 2008, e cunha base de datos formada por 6.704 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

A Hemeroteca da Deputación colabora con investigadores de todo o mundo

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 06 NOVEMBRO 2008

No ano 2006 o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra comezou un labor de baleirado dos sumarios pertencentes ós máis de 400 títulos de publicacións periódicas que componen o fondo da súa hemeroteca co claro obxectivo de proporcionarles ós investigadores unha serie de referencias bibliográficas que, precisamente por non seren publicadas como monografías senón como partes de publicacións periódicas, teñen un rastro bibliográfico moito más complexo.

Hoxe en día a totalidade deses sumarios (65.179 artigos) están a disposición dos usuarios a través da páxina web da Deputación, que incorpora un catálogo en liña que permite visualizar os sumarios e un buscador para localizar os artigos incluídos nas diferentes publicacións. Ademais, e paralelamente, habilitouse un Servizo de Acceso ó Documento no que os cidadáns interesados poden solicitar os traballos que lles resulten de interese. Tras un ano de funcionamento Deputación recibiu, (a través dese Servizo de Acceso ó Documento) un total de 320 solicitudes de colaboración por parte de investigadores residentes ó longo de toda a xeografía autonómica, nacional e mundial, arromando o período xaneiro-novembro 2008 os seguintes resultados:

- **GALICIA**

- A Coruña: Noia (1), Culleredo (1), Ordes (2), Ribeira (1), Muxía (1), Malpica (1), Ortigueira (6), Rois (1), Ferrol (4), Santiago (15), A Coruña (18).
- Lugo: A Pastoriza (1), Ribadeo (1), Lugo (9)
- Ourense: Trives (1), Bande (1), Xinzo (1), Allariz (1), A Merca (1), Ourense (7)
- Pontevedra: Poio (1), Soutomaior (2), Portas (1), Marín (1), Tui (3), Vilagarcía (3), Cangas (3), Vilanova (2), Dozón (1), Lalín (3), Vigo (17), Pontevedra (31).

- **ESPAÑA:** Zaragoza (1), Guipúzcoa (5), Valencia (2), Cantabria (2), Murcia (1), Valladolid (1), Gran canaria (1), La Rioja (16), Madrid (58), Barcelona (8), Badajoz (5), Málaga (2), Granada (3), Cadiz (1).

- **EXTRANXEIRO:**

- Brasil: Sao Paulo (1)
- Colombia: Medellín (1)
- Gran Bretaña: Londres (2), Manchester (1)
- Portugal: Porto (11), Lisboa (3), Guimaraes (3), Quinta do Conde (1), Angra do Heroísmo (1)
- Francia: París (3), Verzevelle (1)
- Alemaña: Berlín (3), Saarbrücken (1)
- Puerto Rico: San Juan (1)
- Chile: Santiago (3)
- Eslovaquia: Bratislava (1)
- EE.UU.: New York (1), New Jersey (2)
- Taiwan: Taipei (1)
- Argentina: Bahía Blanca (1), Buenos Aires (27)
- Canadá: Toronto (1)

**IX Xornadas de Xenealoxía, Heráldica e Nobiliaria organizadas polo
Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico**
Celebraranse na Escola de Canteiros os días 26, 27 e 28 de novembro

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
14 NOVEMBRO 2008

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico e en colaboración coa Escola de Canteiros e a Asociación de Xenealoxía, Heráldica e Nobiliaria de Galicia organiza as IX Xornadas de Xenealoxía, Heráldica e Nobiliaria de Pontevedra, a celebrar entres os días 26, 27 e 28 de novembro de 2008 nas propias instalacións da Escola de Canteiros, no lugar da Caeira, concello de Poio

O programa das xornadas distribúese como segue:

MÉRCORES 26

- 17:00 h - Inauguración por parte do presidente da Deputación de Pontevedra e o presidente da Asociación de Xenealoxía, Heráldica e Nobiliaria de Galicia.
- 17:30 h – Conferencia de José García Oro (vogal da Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia, académico correspondente da Real Academia da Historia) co título: “Vasco de Aponte: cronista de la nobleza gallega del renacimiento”
- 18:30 h- Lectura de comunicacóns
- 19:00 h- Conferencia de Carlos Acuña Rubio (presidente da A.X.H.N.G. e vicepresidente da Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia) co título: “Heráldica Municipal en Galicia”

XOVES 27

- 17:00 h - Lectura de comunicacóns
- 17:30 h - Conferencia de Luís Valero de Bernabé y Martín de Eugenio (director do Colexio Heráldico de España e das Indias, Premio Nacional de Estudos Heráldicos 2004) co título: “La Heráldica de los autóctonos de la fauna de Galicia”
- 18:30 h- Lectura de comunicacóns
- 19:00 h- Conferencia de Cristina Montojo Santos (profesora da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia) co título: “Tratamientos del biodeterioro en las labras heráldicas de granito”

VENRES 28

- 17:00 h - Lectura de comunicacóns
- 17:30 h - Conferencia de José Fernando Navas Ramírez-Cruzado (coronel-director do Museo Militar da Coruña) co título: “Heráldica militar en Galicia”
- 18:30 h – Lectura de comunicacóns

Rematada a instalación de 33 aparatos deshumidificadores nos arquivos municipais da provincia

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 18 NOVEMBRO 2008

Acaba de poñerse fin á instalación de 33 aparatos deshumidificadores en diferentes arquivos municipais da provincia, en base a unha actuación conxunta entre a Deputación de Pontevedra e a Consellería de Cultura e Deportes, plasmada en convenio asinado hai uns meses cunha aportación específica para esta finalidade de oito mil euros.

Esta actuación que permite dotar a todos estes espazos de sistemas de regulación da humidade e das condicións ambientais, toda vez que a penas disponen de medio ningún; o deshumidificador, un aparello de aspecto similar ao do aire acondicionado, contribúe a sacar do aire a auga que lle sobra, almacenándoa nun depósito ou levántoa directamente a un desaugadoiro. Están especialmente concibidos para dar unha solución inmediata, rápida e eficaz a todos os problemas orixinados polo exceso de humidade, sen necesidade de instalación no caso dos pequenos equipos domésticos, e mínimos gastos de instalación e mantemento nos equipos industriais e de maior capacidade.

Á hora de seleccionar os aparellos deshumidificadores valorouse non só o tamaño necesario para o local, que é un dos factores más importantes a ter en conta, senón tamén a capacidade de absorción; así mesmo, prestouse atención ao consumo e ás súas prestacións. O resultado ven de ser a contratación e instalación de 33 deshumidificadores marca TRAU, modelos DH-716E, DH-720E e DH-2820 distribuídos nos arquivos municipais de:

Pontecesures	DH-2820	1
Valga	DH-2820	1
Cuntis	DH-720-E	1
Portas	DH-716-E	2
Salceda de Caselas	DH-2820	1
Salvaterra de Miño	DH-2820	1
A Guarda	DH-2820	1
Tomiño	DH-720-E	1
Oia	DH-716-E	2
Bueu	DH-720-E	2
Lalín	DH-720-E	2
Agolada	DH-716-E	1
Mondariz	DH-2820	1
Mondariz-Balneario	DH-2820	1
As Neves	DH-2820	1
Covelo	DH-720-E	1
Crecente	DH-2820	1
A Cañiza	DH-716-E e DA-720-E	2
Arbo	DH-720-E	1
Catoira	DH-716-E	2
Meis	DH-720-E	1
Vilanova de Arousa	DH-2820	1
Rodeiro	DH-720-E	1
Cotobade	DH-720-E	1
Soutomaior	DH-716-E	2
Fornelos de Montes	DH-716-E	1

A Deputación colabora na actualización dos instrumentos de descripción do arquivo municipal de Bueu

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
24 NOVEMBRO 2008

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de colaboración na actualización dos instrumentos de descripción referidos á documentación transferida no último ano dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Bueu, situado na casa de cultura de Cela.

Estes traballos desenvoltos nos últimos meses polo arquiveiro municipal Belarmino Barreiro Rosales, supuxeron a incorporación de 193 novas unidades de instalación e 22 metros lineais de documentación, que corresponde ó último ano, que veñen de ser revisadas e incorporadas os instrumentos de descripción, actualizando a información que deste arquivo se ofrece dende a páxina web.

Esta actuación enmárcase dentro dun proceso de asistencia técnica permanente ós concellos en materia de patrimonio documental, que no caso concreto do arquivo municipal de Bueu se iniciou en 1984 e se desenvolveu en sucesivas fases de profundización informativa e de actualización e informatización nos anos 1989, 2003, 2004, 2007 e 2008.

O resultado vén ser un conxunto documental organizado, debidamente instalado, de fácil manexo e consulta e de conservación garantida, composto por un total de 3.406 unidades de instalación, con documentación con datas extremas que van de 1503 ata o 2008.

Dispón o arquivo dos instrumentos suficiente para o seu manexo e control, especialmente a base de datos do inventario descriptivo formado por 34.859 rexistros que detallan a nivel de expediente a maior parte dos fondos.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Inauguración das novas instalacións do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico e da exposición "Metamorfose, 400 anos de evolución dun edificio"

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
25 NOVEMBRO 2008

O xoves 27 de novembro, ás 19.30 horas, inauguraránse as novas instalacións do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra, situadas na rúa Padre Amoedo, despois dun intenso proceso de rehabilitación do edificio iniciado no ano 2005.

Con estas últimas obras do que fora fogar provincial pretendeuse non un derrubamento senón unha rehabilitación e reutilización da pedra, nun intento por contribuír a completar o proxecto cultural máis ambicioso de Pontevedra, "a gran mazá cultural".

Tamén se inaugurará neste mesmo acto a exposición "Metamorfose, 400 anos de evolución dun edificio", que recolle parte da documentación fotográfica das sondaxes arqueolóxicas efectuadas así como unha mostra dos materiais achados na intervención. A combinación de documentación gráfica-visual e arqueolóxica permitiralle ó visitante percorrer a historia do edificio coa cronoloxía como fio argumental.

A través desta mostra poderase facer un percorrido no tempo e comprobar as transformacións de forma e funcións sufridas no soar e edificio. O que comezou sendo unhas casas transformouse en colexió jesuítico, en escola, en fábrica de tecidos, en inclusa, en hospicio..., ata chegar á última fase desta metamorfose.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponcevedra.es/>

A Deputación presenta este luns a revista de pensamento Biscuit no MARCO de Vigo

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Gabinete de Comunicación

12 DECEMBRO 2008

A Deputación de Pontevedra presenta este luns, 15 de decembro, ás 19:00 horas, no Museo Marco de Vigo, "Biscuit. Revista de arte e pensamento", editada polo Servizo de Publicacións da institución provincial.

A vicepresidenta da Deputación, Corina Porro, será a encargada de presentar esta nova publicación e estará acompañada pola responsable de comunicación do Museo Marco, Marta Viana, e a coordinadora da revista, Cristina Prego. O acto estará amenizado polo grupo "Sulxeitos", formado polos músicos Isaac Garabatos e Jesús Andrés, xunto con Uxía Blanco.

Ante a proliferación dos cada vez máis orixinais xeitos do facer artístico, das novas formas de expresión -das que dan fe as Bienais de Pontevedra dende o ano 1969- fronte á diversidade de pensamentos enmarcados nun espazo sen fronteiras físicas e ante as recentes propostas de redes virtuais de creación e difusión a Deputación quere abrir unha nova liña editorial onde o mundo da arte pode atopar a súa canle difusora.

Así mesmo "Biscuit" ten outro compromiso con Galicia: amosar e promover o seu quefacer no ámbito internacional.

Este número cero estrease con reportaxes tan variados como "Cultura e barbarie na Galicia do século XXI ", de Ignacio Castro; "Escritos dun sonámbulo", de Antón Patiño; "Art wars", de Hugo Covelo e outros moitos.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental actualiza o arquivo municipal de Meis

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
15 DECEMBRO 2008

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Meis, con 348 novas unidades de instalación e 43 metros lineais de documentación, correspondente ós dous últimos anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó Concello de Meis, no que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos, xunto cos do seu xulgado de paz.

Dende o primeiro proceso en 1989, leváronse a cabo un total de seis actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.631 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1912 e 2008, na súa práctica totalidade posterior ó incendio ocorrido en 1930; para o seu manexo e consulta dispón dunha completa base de datos formada por 8.915 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello de Meis atópase instalado no local habilitado na planta baixa da casa do concello, remozado nos seus equipamentos e intalacións recentemente o que derivou nunhas notables condicións que garanten o seu uso e conservación.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Deputación continuou a desenvolver no ano 2008 actuacións de organización e descripción do patrimonio documental da provincia

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 17 DECEMBRO 2008

No ano 2008 un total de vinteseis concellos da provincia recibiron asistencia técnica en materia de patrimonio documental por parte da Deputación de Pontevedra a través do Servizo Técnico de Patrimonio Documental. Esta actuación supuxo a incorporación nos distintos arquivos dun total de 7.363 unidades de instalación, así como a implementación de 69.728 novos rexistros nas súas bases de datos para permitir á súa localización e consulta.

Para isto ademais dos medios humáns propios- funcionarios, bolseiros ou contratados laborais temporais-, contouse coa colaboración da Consellería de Cultura e Deporte, coa que se firmou de novo un convenio para esta finalidade. Todo elo conlevou a implicación de once técnicos e catro administrativos nesta tarefa específica ó longo do ano.

Dentro da variedade de actuacións desenvoltas, salientar que neste ano o inicio do proceso de reorganización integral e actualización de acordo co novo cadre de clasificación do arquivo municipal de CANGAS, logo de teren resolto o problema espacial e de varios anos de espera.

Desenvolvérónse actuacións de asistencia técnica e reincorporación documental nos arquivos municipais de CUNTIS, CAMBADOS, MOS, AGOLADA, COTOBADE, VILANOVA DE AROUSA, MONDARIZ-BALNEARIO, PAZOS DE BORBÉN, PONTECESURES, VALGA, A LAMA, BARRO, CATOIRA, A CAÑIZA, TOMIÑO, PORTAS, MEIS, COVELO, SALCEDA DE CASELAS e LALÍN. todos eles sen persoal propio ó seu cargo e necesitados deste tipo de actuacións para garantir tanto a organización como a conservación.

Asemade leváronse a cabo asistencias técnicas relativas á actualización dos instrumentos de descripción e da informatización nos arquivos municipais de TUI, REDONDELA, VILAGARCÍA DE AROUSA, FORNELOS DE MONTES e BUEU en colaboración directa co persoal que en cada un deles se ocupa dos diferentes procesos a desenvolver no arquivo.

Coincidindo cos traballos realizados no arquivo municipal, levouse a cabo a incorporación e actualización da documentación xerada no Xulgado de Paz de PAZOS DE BORBÉN, PORTAS e CATOIRA.

Como elemento importante na salvagarda e conservación dos documentos das entidades locais procedeuse a execución do plan de desinfectación, desinsectación e desratización para arquivos municipais, dando continuidade a esta actuación preventiva e terapéutica contra insectos, roedores e parásitos que incluí dous servizos completos nun total de 56 arquivos municipais.

Neste ano tamén se desenvolveu unha actuación, derivada do convenio coa Consellería de Cultura e Deporte, pola que se instalaron 33 deshumidificadores en arquivos municipais para mellorar as súas condicións ambientais e con elo favorecer a conservación documental.

No remate do 2008 o arquivo da Deputación ten 29.915 unidades de instalación

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 30 DECEMBRO 2008

Ó longo do ano 2008 o arquivo da Deputación desenvolveu a súa actividade durante a primeira metade nas instalacións provisionais da Cidade Infantil "Príncipe Felipe", ata o traslado a súa sede definitiva no renovado edificio de Padre Amoedo,¹, rematado no mes de setembro.

Neste pasado ano foron transferidas un total de 1.826 novas unidades de instalación, que supoñen algo máis de 228 metros lineais, resultado da actividade dos diferentes servizos da Deputación Provincial que xa foron organizados, descritos e instalados no Arquivo da deputación. En concreto, estas transferencias, individualizadas, distribúense do seguinte xeito:

Secretaría xeral	9 unidades
Presidencia	24 unidades
Cooperación	69 unidades
Contratación	225 unidades
Acción Social	83 unidades
Recursos Humanos	50 unidades
Vías e Obras	85 unidades
Intervención	1.185 unidades
Riscos Laborais	32 unidades
Deportes	2 unidades
Servizo Agrario	43 unidades
Patrimonio Documental	11 unidades
Rendas	3 unidades
Tesourería	3 unidades

A transferencia regulada dos devantidos fondos foi seguida do oportuno tratamiento documental de organización, descripción e instalación nos depósitos. Como resultado da elaboración dos instrumentos de descripción incrementáronse os rexistros das diferentes bases de datos. A que contén o cadro de clasificación ten 301 rexistros; o inventario somero dispón de 32.600 rexistros e a base de datos principal, con información do inventario detallado conta con 133.376 rexistros, dos que 4.287 foron incorporados no pasado ano.

Este traballo permite localizar da totalidade dos expedientes conservados nos depósitos para a súa consulta e uso, tanto por parte dos cidadáns coma da propia administración, de acordo coas limitacións legais establecidas.

Recentemente foron transferidos áinda están pendentes do seu proceso organizativo definitivo un conxunto de documentación procedente do Servizo de recursos Humáns (162 unidades aproximadamente), do TIC (38 unidades e un elevado número de documentos en soportes electrónicos e informáticos varios) e do ORAL (90 unidades de instalación aproximadamente), todos eles depositados nas dependencias que o arquivo conserva no Pazo Provincial para a recepción e primeiro tratamiento técnico.

O 2008 supuxo a volta do Arquivo da Deputación ás instalacións da rúa Padre Amoedo

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
30 DECEMBRO 2008

O pasado ano 2008 supuxo a volta do Arquivo da Deputación as ampliadas e melloradas instalacións nas que anos atrás viña desenvolvendo a súa actividade no número 1 da rúa Padre Amoedo. Estas ocupan na actualidade cinco plantas do reformado edificio, dúas delas dedicadas en exclusividade a depósitos documentais, e supoñen unha considerable mellora na calidade das instalacións e equipamentos.

A empresa adxudicataria dos equipamentos ESTANTERÍAS EUN, S.A., procedeu á instalación dos mesmos e ó traslado dos fondos documentais, permitindo con iso poder de novo prestar servizo nestas dependencias, tanto ó Arquivo da Institución, coma á Editorial e á Biblioteca, coas súas distintas seccións, mellorándose sensiblemente as instalacións e a capacidade.

Contan os depósitos con estantes metálicos compactados, distribuídos en trece pequenas salas, con modernos elementos de climatización e de seguridade. Dispone ademais de áreas de traballo e de zonas específicas de consulta do patrimonio documental e audiovisual conservado.

Son un total de doce os postos de consulta na área de patrimonio documental, catro deles con elementos informáticos para uso das bases de datos dispoñibles, así como con acceso a internet para facilitar o proceso investigador.

O proceso de traslado condicionou a posibilidade de acceso ós fondos nunha parte do ano; en todo caso na memoria anual do ano 2008 do Arquivo da Deputación cuantifícanse en cento oitenta os consultores diferentes, alleos á institución, tanto efectuadas na propia sala de consulta, setenta e cinco, coma realizadas por Fax, e-mail ou teléfono.

Máis abondosas foron as solicitudes de información internas, dende os diferentes servizos, con trescentas noventa peticóns de documentación e noventa e douce préstamos de expedientes cursados ás oficinas e debidamente controlados.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponcevedra.es/>